ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU08009

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Xornadas administración de xustiza como servizo ao cidadán

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Outros

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	11
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO|UN|ES|CI|XU	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2008
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Para cumprir as funcións esenciais que ten encomendadas, co fin de lograr e preservar unha convivencia ordenada, na que a coexistencia en liberdade sexa posible, a Administración de Xustiza, no noso Estado social e democrático de Dereito, ten que realizar numerosas e delicadas tarefas de forma cabal e razoablemente rápida, e de conformidade co ordenamento xurídico. Pero cada vez son máis as respostas que se esperan dela para novas e maiores necesidades e demandas sociais, e tamén para unha maior toma de conciencia da cidadanía dos seus dereitos. O aumento da poboación, a chegada masiva de persoas procedentes de culturas distintas, e o consecuente incremento do número de litixios; unha política criminal cuestionable en non poucos ámbitos, en materia de drogas de forma singular; as moitas voces, a miúdo atendidas, que reclaman que se criminalicen máis condutas e con penas máis severas (unha especie de cárcere para todos), en definitiva, o uso simbólico do Dereito Penal; o enfrontamento político en ámbitos nos que só se debería discutir a forma de encamiñar e resolver máis acertadamente os problemas, etc., viñeron acentuar e aumentar de xeito extraordinario a actividade xudicial e as queixas e denuncias conseguintes polo xeito de prestalas, non sempre ben fundadas nin ben intencionadas.

Ao aumento das esixencias dos particulares súmanse outras de orixe supranacional, e recorrentes problemas e debates en torno a temas como a investigación penal, a dobre instancia, a gobernanza dos xuíces, nunca pechadas de todo e non sempre formuladas desde unha perspectiva técnica.

Esta innegable realidade crea ou agrava cuestións e situacións xa complexas e problemáticas de por si, de cuxa boa resolución depende en gran medida a confianza da cidadanía nun poder, que, como todos, está ao seu servizo, e no propio sistema democrático, posto que aquel é o garante do respecto de todos, dos poderes públicos en especial, das regras de xogo establecidas, iguales para a totalidade das persoas, dos seus intereses individuais e dos valores proclamados e recoñecidos na Constitución. E, así mesmo, o poder xudicial é, non se debe esquecer, o garante, a última esperanza dos máis débiles fronte os atropelos que poden sufrir a mans doutras persoas ou das administracións públicas.

Para reflexionar sobre algunhas das cuestións apuntadas, en busca de mellores solucións para estas, coa menor carga posible de prexuízos, están dedicadas estas xornadas.

DESTINATARIOS

Maxistrados, xuíces, fiscais, secretarios xudiciais e demais empregados públicos, especialmente os relacionados coa Administración de Xustiza, profesionais do Dereito e interesados en xeral.

PROGRAMA
- Conferencia inaugural: Gobernanza e Administración de Xustiza. - Mesa redonda: O Papel das Comunidades Autónomas na Administración de Xustiza. - Mesa redonda: Relaciones entre xurisdición constitucional e xurisdición ordinaria. - Mesa redonda: Algunhas cuestións da orde penal: a investigación e a dobre instancia. - Mesa redonda: O Consello Xeral do Poder Xudicial e a carreira xudicial - Mesa redonda: A oficina xudicial. - Conferencia de clausura: Poder Xudicial e principios constitucionais.
CRITERIOS DE SELECCIÓN
aforo local

3. DATOS EDICIÓNS

CORUÑA		
LOCALIDADE: A CORUÑA		**INICIO / FIN:** 26/06/2008 a 27/06/0008
NUM. PRAZAS: 200	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**
DOCENTES NOMEADOS		
ENRIQUE MARÍA ORTS BERENGUER		
TOMÁS SALVADOR VIVES ANTÓN		
ÁNGEL JUDEL PRIETO		
ALBERTO PALOMAR OLMEDA		
RICARDO BODAS MARTÍN		
JOAN PRATS CATALÁ		
BEGOÑA SANTOS FERNÁNDEZ		
JACOBO LÓPEZ BARJA DE QUIROGA		
RICARDO JUAN SÁNCHEZ		
INMA VALEIJE ÁLVAREZ		
PEDRO CRESPO BARQUERO		
MERCEDES PÉREZ MANZANO		
FÉLIX PANTOJA GARCÍA		
MANUEL ALMENAR BELENGUER		
MARÍA ELENA GARCÍA-SEÑORÁNS ÁLVAREZ		
JUAN JOSÉ LÓPEZ ORTEGA		
FERNANDO SUANZES PÉREZ		
JUAN CARLOS CAMPO MORENO		